

O NADAL ILUMINA GALICIA

galicia
senta ben



UNIÓN EUROPEA

Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional

Beléns

DE INTERESE TURÍSTICO

BELÉN ELECTRÓNICO DE BEGONTE

Avda. de Galicia, s/n. Begonte.

<http://www.belendebegonte.es/#top> 

Do 3 de decembro ao 27 de xaneiro

Do 3 ao 23 de decembro e do 7 ao 27 de xaneiro: Sábados, domingos e festivos, de 11:00 a 13:00 h e de 16:00 a 19:00 h.

Do 23 de decembro ao 7 de xaneiro: Todos os días, 11:00 a 13:00 h e 16:00 a 19:00 h.

Visitas colectivas: avisar previamente ao Tfno. 610 907 306

Declarado de interese turístico de Galicia, móntase ininterrompidamente desde 1972 con pezas artesanais e mecanismos electrónicos para o seu movemento. 150 m² con máis de 150 figuras.



BELÉN ARTESANAL EN MOVEMENTO

Rúa Nova, Campaña. Valga.

<http://belendevalga.es/> 

Do 3 de decembro ao 14 de xaneiro

De luns a venres de 17:30 a 20:30 h.

Sábados de 17:00 a 20:30.

Domingos e festivos de 12:00 a 14:00 e de 17:00 a 20:30h.

Declarado de interese turístico de Galicia, é unha das composicións do Nadal máis espectaculares da Comunidade galega, tanto polas súas dimensións como por incorporar tamén elementos da actualidade.

Tel. 630 95 25 15 / 986 55 94 56



A CORUÑA



BELÉN DE LA GRANDE OBRA DE ATOCHA

Baltasar Pardal Vidal, 1. A Coruña.

Do 25 de decembro ao 6 de xaneiro.

Laborables de 18:00 a 20:00 h.

Domingos e festivos ao rematar a Misa de 12:00 a 14:00 h.

e de 18:00 a 20:00

Inaugurado en 1953 e restaurado en 2001, faise a escala do mapa de Xerusalén. Conta cunha superficie de 120 m² e cunhas 150 figuras artesanais. O seu autor foi o artista ferrolán Camilo Díaz Baliño.

BELÉN MUNICIPAL DA CORUÑA

Salón exposicións do Pazo Municipal. Praza de María Pita. A Coruña.

Do 5 de decembro ao 6 de xaneiro

Horario: de luns a domingo de 11:00 a 14:00 h e de 17:00 a 21:00 h
excepto: 24, 25 e 31 de decembro e 5 de xaneiro: 11:00 a 14:00 h.

1 e 6 de xaneiro: 17:00 a 21:00 h.

Neste belén aparecen representadas persoas relevantes da historia da cidade.

Nesta edición réndese homenaxe a Luisa Villalta a quen se dedica o Día das Letras Galegas 2024.

BELÉN MÓBIL DE BETANZOS

Praza dos Irmáns García Naveira, Edif. Liceo-2º andar. Betanzos.

Do 10 de decembro ao 14 de xaneiro.

De luns a venres a partir das 18h.

Sábados, domingos e festivos de 12 a 14, e a partir das 17h.

Pechado o 31 de decembro pola tarde e o 1 de xaneiro pola mañá.

Cita previa grupos e posibilidade de visitar noutro horario: 609 691 692 (é recomendable chamar a este teléfono antes de facer a visita)

Préndese representar con narración gravada e movemento a historia, xeografía, etnia e actividades diversas.

BELÉN DA ORDE TERCEIRA

Capela da Orde Terceira. Ferrol.

Desde o 26 de novembro.

Aberto os catro días da Ponte da Constitución: do 6 ao 10 de decembro.

Desde o 11 e ata as vacacións escolares, só se poderán visitar os venres, sábados e domingos de 17:00 a 21:00 horas. Os colexios poderán visitalo pola mañá reservando cita por whatsapp 605619357)

A partir do día 22 e ata o día de Reis, aberto de 17:00 a 21:00

Realizado por Alfredo Martín. Conta con máis de 60 anos de historia e máis de 200 figuras con movemento.

BELÉN DA SOCIEDADE CULTURAL O TILO

Rúa María, 182-baixo. Ares.

Do 2 de decembro ao 7 de xaneiro

Pechado os días 24, 25 e 31 de decembro e 1, 5 e 6 de xaneiro.

De luns a domingos de 16:30 a 20:00

Entrada de balde

Grupos contactar no tfno. 669404425 ou no mail: scotilo@gmail.com

O Belén iniciou a súa exposición no ano 1994. Ocupa unha superficie de 70 m² e consta de máis de 300 figuras de barro lienzado cunha altura de entre 10 a 21 cada unha delas. 35 desas figuras son móbiles o que lle outorga unha maior espectacularidade.

Trátase dun belén de estilo hebreo no que destacan a escena do Misterio na que San Xosé mece ao neno Xesús nos seus brazos nun fermoso movemento.

BELÉN DA CATEDRAL DE SANTIAGO

Igrexa de Santo Agostiño. Rúa Travesa. Santiago de Compostela

Ata o 8 de Xaneiro.

Horario: De 10 a 14 e de 16 a 19, excepto nos horarios de Misa (entre as 12 e as 12:30h)

Tradicional belén da Catedral de estilo napolitano con arrededor de 500 figuras artesanais e moitas con movemento. Ocupa uns 50 m². Ademais do Nacemento de Xesús, a Anunciación aos pastores e o cortexo dos Reis Magos, represéntanse multitude de escenas de vida cotiá e oficios tradicionais. É propiedade da Catedral de Santiago, grazas á colaboración de Turismo de Galicia.

BELÉN TRADICIONAL EN SAN FIZ DE SOLOVIO

Igrexa de San Fiz de Solovio. Santiago de Compostela.

Do venres 1 de decembro ao venres 5 de xaneiro

Luns 4 a xoves 21 decembro: 11:00 a 14:00 e 16:00 a 19:00 h.

Sábados, domingos e vacacións escolares: 11:00 a 14:00 e 16:00 a 21:00 h.

Datas especiais: 22 decembro*: Visita do Paxe Real ás 17:30 h. e Concerto de Corais Veciñais ás 18:00 h. 24 e 31 decembro: 11:00 a 14:00 e 16:00 a 19:00 h. 25 decembro e 1 xaneiro: 17:00 a 21:00 h.

Belén cedido e montado por José Uzal dentro dunha actividade organizada por Turismo de Santiago- Concello de Santiago de Compostela, coa colaboración do Arcebispo de Santiago, o Mercado de Abastos e o Colexio Maior Santo Agostiño. Máis de 200 figuras de barro e lenzo pintado, todas feitas a man, compoñen este nacemento que inclúe diferentes escenas, pezas en movemento e tamén iluminación.

BELÉN FAMILIAR DE CONXO

Ruela de Torrente, 6-8. Santiago de Compostela

Do 1 de decembro ata o 7 de xaneiro

Luns a sábado: de 17:00 a 20:00 h

Domingos e festivos: de 11:00 a 13:00 h e de 17:00 a 20:00 h

A familia Otero Moreira abre as portas da súa casa para poder contemplar este belén, comezado polo pai de Paco Otero en 1945. O Belén ocupa 45 m² a diversas alturas. Consta de 203 pezas decorativas (casas, pontes, fontes....). Case 2.000 puntos de luz, 1000 figuras e 100 figuras en movemento. Están representadas 38 escenas bíblicas. Tels: 981521900 / 680466876

BELÉN DA COLEXIATA DE SAR

Rúa de Sar. Santiago de Compostela

Claustro da igrexa.

Mañás: Entrada polo museo e en horario do mesmo (10: 00 a 14:00 de luns a sábados, ambos incluídos), Tardes: de 16: 00 a 19:00, entrada pola Igrexa.

O Belén está exposto no claustro da igrexa e non hai control de aforo, a visita é libre e gratuíta.

É un Belén de 35 m² con 300 figuras artesanais, 100 delas con movementos e luz. A auga e o seu movemento (muíño, fervenza e río) son naturais. Ten función de día e de noite, ademais de tormenta nocturna con son de tronos e luces de raios.





BELÉNS DO MUNDO

Museo de Bergantiños
Antigo Cárcere do partido xudicial
R/ Martín Herrera, 8- Carballo

Do 1 de decembro ao 14 de xaneiro no horario do Museo:

Martes: de 10 a 14h.

Mércores, xoves e venres: de 10 a 14 e de 17:30 a 19:30h.

Sábados e domingos de feira (2º, 4º e 5º domingos de mes): de 11 a 14h.

Luns: pechado

BELÉN DE ORTIGUEIRA

Igrexa Parroquial de Santa Marta de Ortigueira
Nacemento de Ortigueira de Camilo Díaz Balaño

Nacemento de Ortigueira de Camilo Díaz Balaño

Igrexa Parroquial de Santa Marta de Ortigueira

Exposición do 3 de nadal ao 10 de xaneiro

Horario de visita de 11 a 13:00 horas todos os días

Entrada gratuíta

Teatro de grandes dimensións con representación en diorama do nacemento con lenzos pintados por Camilo Díaz Balaño en 1924. Á luz do achado da tumba de Tutankamón por Howard Carter, o autor representou elementos exipcios e orientais, para recrear o nacemento dun Mesías.

LUGO

CONCURSO DE BELENISMO DE LUGO

Local de Afundación na praza de Santa María. Lugo.

Pregón de Nadal o mércores 20 de decembro a cargo de Dña Isabel Pérez

Fórneas, quedando instalado o Belén Social no patio de operacións do edificio de ABANCA, con entrada pola Praza Maior, ata o 6 de xaneiro, en horario de oficina.

Tel. inscricións concurso (de 10 a 13:30h): 982227705

VIVEIRO ANTE O BERCE

Centro histórico de Viveiro.

Desde a ponte da Inmaculada ata o 14 de xaneiro.

Este belén a escala natural destaca pola ambientación e o seu realismo.

BELÉN DE MONDOÑEDO

Fonte Vella- Rúa da Fonte. Mondoñedo.

Visita libre desde a súa inauguración (1 de decembro) ata o día de reis incluído

O belén é de madeira e está iluminado. Conta tamén con tres buzóns para as cartas aos reis magos.

OURENSE

BELÉN DE ARTURO BALTAR

Espazo Expositivo Arturo Baltar. Praza de San Cosme e Damián. Ourense.

Do 15 de decembro ao 6 de xaneiro:

Todos os días de 11:30 a 14:00 h e de 17:30 a 20:30 h. 25 de decembro e 1 e 6 de xaneiro de 17:30 a 20:30 h.

Realizado polo escultor Arturo Baltar, con figuras de barro cocido de 20 a 25 cm, nas que se pode recoñecer populares personaxes da cidade das Burgas.

EXPOSICIÓN BELÉNS DO MUNDO

Sede do Bispado de Ourense. Rúa do Progreso, 26. Ourense.

Do 11 de decembro ao 7 de xaneiro

Horario: de 10 a 14h, de luns a venres.

Horario especial sábados e domingos: de 11 a 13h; Xoves 5 de xaneiro de 19 a 21h

Visita de grupos escolares: concertar visita chamando á Delegación de Misións 988366146.

Máis de 150 beléns vistos dos lugares onde están presentes os misioneiros diocesanos. Cada belén representa un misioneiro, un pobo e unha cultura e está feito co material propio de cada país.

BELÉN DE PARADA DE SIL

Capela de San Ramón-Praza do Concello. Parada de Sil.

Aberto dende o 15 de novembro de 2023 ata o 31 de xaneiro de 2024.

De Luns a venres de 10:00 a 14:30 hrs

Visita libre e gratuíta.

Capacidade máximo 3 persoas por visita. Para poder visitar o Belén é necesario preguntar no Concello en horario da secretaría, situado ao lado da capela, para que lles faciliten o acceso ao mesmo. Máis información: 689 683 713 ou <https://paradadesil.es/>

Realizado por José María Campo Herrero, conta con 200 pezas en barro e madeira e conta cunha reprodución a pequena escala do mosteiro de Santa Cristina.

BELÉN DA VIRUCA

Rúa Maior. Salón Parroquial de Verín.

Do 8 de decembro ao 6 de xaneiro

Laborables: de 17:00 a 20.00 h. Festivos mañá e tarde

Máis de 150 m² de exposición, dúcias de figuras, moitas móbiles, que recollen escenas bíblicas e oficios tradicionais, coa particularidade de contar con reproducións a man de vivendas significativas de Verín. Xunto ás escenas relixiosas, aparecen outras que fan referencia aos labores tradicionais relacionados coa comarca de Monterrei. Realizado por Viruca González coa colaboración dos seus familiares e amigos.

BELÉN ARTESANAL DA VEIGA

Nas rúas da localidade da Veiga

Do 22 de decembro ao 7 de xaneiro

A singularidade deste xigantesco belén ao aire libre está nos elementos naturais: troncos, pólas, xestas, madeira, cordas, teas e follas transformadas en figuras do reino animal propio da zona, ademais do Nacemento e o Apalpador.

Na elaboración deste belén enxebre implicase a veciñanza xunto co Concello para conseguir este belén sostible e natural, cheo de detalles que sempre sorprenden.

PONTEVEDRA

BELÉN MONUMENTAL DE VIGO

Casa das Artes. Rúa Policarpo Sanz, 15. Vigo

Do 25 de novembro ao 7 de xaneiro

De luns a xoves de 17 a 21:30h

Venres de 10 a 14h e de 17 a 21:30h

Sábados, domingos e festivos de 11 a 21:30h

24 e 31 de decembro e 5 de xaneiro : de 12 a 21h

25 de decembro, 1 e 6 de xaneiro de 17 a 21:30h

Entrada libre. Teléfono de cita previa para visitas guiadas: 669 997 613.

A mostra, que ocupa máis de 200 m² conta con case 200 figuras. A montaxe estivo a cargo da Agrupación Belenista La Morana e modelada polo escultor Jose Luis Mayo Lebrija, un dos belenistas máis prestixioso de España

LVIII CONCURSO DE BELÉNS

Sala de Exposicións. Sede Afundación

Rúa Policarpo Sanz, 26. Vigo

Do 1 de decembro de 2023 ao 7 de xaneiro de 2024

Horarios: Do 1 ao 21 de decembro, de 17:00 a 20:30 h (todos os días). A partir do 22 de decembro, de 11:00 a 14:00h. e de 17:00 a 20:30h.

Pechado: Días 25 de decembro, 1 e 6 de xaneiro.

24 e 31 de decembro e 5 de xaneiro, pechado pola tarde.

BELÉN ARTESANAL EN MOVEMENTO

Centro Neural (xefatura da policía local)

Av. Diego Sarmiento de Acuña, 4. Gondomar

Do 6 de decembro ao 7 de xaneiro.

De 11:00 a 13:45h e de 17:00 a 21:15h, con intervalos de media hora coas figuras en movemento e 15 minutos paradas.

Pechado de mañá os días 25 de decembro, 1 e 6 de xaneiro.

Conta con 220 figuras en movemento e máis de 1.000 estáticas

BELÉN DE HERVILLE

Herville, Cella. Mos (A 1 km do alto de San Cosme)

Do 8 de decembro ao 14 de xaneiro.

Horarios:

Non festivos: De luns a venres: De 15:00 a 17:00 e de 19:00 a 22:00h

Sábados: De 15:00 a 22:30

Domingos: De 11:30 a 13:30 e de 15:00 a 21:30

Festivos: 1 de Xaneiro: Pechado

24 e 31 de decembro, 5 de xaneiro: De 15:00 a 21:00

25 de decembro e 6 de xaneiro: De 17:30 a 21:30

Grupos cita previa no teléfono: 638143080 (posibilidade de apertura en horarios especiais)

Organizado pola Asoc. Cultural e Social de Herville desde 2006, este belén monumental conta con 80 m² de exposición. Entrada libre.

BELÉN DO PAZO DE MOS

Camión da Rúa, 1. Mos

Do 1 decembro ao 7 de xaneiro

De luns a venres de 17 a 20h

Sábados e domingos: De 10 a 14h e de 17 a 20h

Pecha o 25 de decembro pola tarde e o 1 de xaneiro todo o día.

Para visitas de grupo poden facer a reserva no correo:

inscricions@pazodemos.org.

BELÉNS DE TUI

Catedral. Tui.

Do 20 de decembro ao 8 de xaneiro.

De luns a sábado de 10:30 a 14:00 e de 16:00 a 19:00h.

Domingos de 10:30 a 12:30 e de 16:00 a 19:00h

Prezo: gratuíto para residentes ou nacidos na Diocese e menores de 12 anos.

Xubilados 4,50€ e resto 5€. Inclúe visita a todo o conxunto.

O nacemento está situado xunto ao retablo da Expectación. A exposición

"Beléns do Mundo" pódese ver tamén por todas as naves da catedral.

BELÉN ASOCIACIÓN MULLERES RURAIS DE MORAÑA

Centro Sociocultural Multiúsos. Moraña.

Do 9 de decembro ao 14 de xaneiro.

De 17:00 a 20:30 h

Festivos: de 12:00 a 14:00 h e de 17:00 a 21:00 h

O belén, nunha sala de 130 m², ocupa unha superficie de 120 m². Recrea as parroquias de Moraña, oficios tradicionais, edificios emblemáticos... Este año se recrea o centro urbano antigo xunto con dous pazos: o de San Roque e o da Toxeiriña. Realizado pola Asociación de Mulleres Rurais O Menhir.



Mercados e actividades



A CORUÑA

FEIRA ARTESÁ DO NADAL (CON ARTESANÍA DE GALICIA)

Xardíns de Méndez Núñez.

Do 2 ao 31 de decembro

Do 20 de decembro ao 5 de Xaneiro

Horario: De 12:00 a 21:00 h (agás 24 e 31 de decembro que pecha ás 18:00 h.
25 de decembro e 1 de xaneiro pechada).

PISTA DE XEO

Praza de María Pita.

Ata o 7 de xaneiro

En período escolar: de luns a xoves de 16:45 a 21:30 h, venres de 16:45 a
22:15 h e sábados, domingos e festivos de 11:00 a 23:00 horas;

Durante as vacacións de Nadal: de luns a domingo, de 11:00 a 14:00h e de
16:00 a 23:00 h; os días 24 e 31 de decembro será de 11:00 a 18:00 h; 25
de decembro e 1 e 6 de xaneiro, de 18:00 a 22:45 horas.

As sesións de 30 minutos

Prezo: xeral de 9 € e para centros escolares de 3,5 €, patíns incluídos.

FERROL

MERCADO DE NADAL

Praza de Armas

Do 15 de decembro ao 5 de xaneiro

Horario: de 11:00 a 14:00 h e de 17:00 a 21:00 h

24 e 31 de decembro: de 11:00 a 14:00 h

25 de decembro e 1 de xaneiro: pechado

CINE 360°

Praza de Amboage

Películas para todas as idades.

Do 28 de decembro ao 4 de xaneiro

Horario: de 18:30 a 21:30 h. 1 de xaneiro, pechado.

SANTIAGO DE COMPOSTELA

MERCADO DE NADAL

Carreira do Conde: do 1 de decembro ao 5 de xaneiro.

Área Central: do 22 de decembro ao 5 de xaneiro.

Horario: de 12:00 a 14:00 h e de 17:00 a 21:30 h

24 e 31 de decembro: de 12:00 a 14:00 h

25 de decembro e 1 de xaneiro pechado

Mercado de produtos de Nadal: postos de gastronomía gourmet e
decoración propia da época (do 2 decembro ao 24 de xaneiro). Artesanía,
deseño e agasallo orixinal (do 26 de decembro ao 5 de xaneiro).

+info: www.mercadonadal.com

LUGO

XX ARTENADAL

Praza Anxo Fernández Gómez (detrás da Casa do Concello). Lugo 

Do 17 de decembro ao 5 de xaneiro.

De 11:00 a 14:30 h e de 17:00 a 21:00 h.

O día 17 de decembro aberto só pola tarde.

Os días 25 de decembro e 1 de xaneiro, pechado.

OURENSE

MERCADO DE NADAL

Parque de San Lázaro

Do 6 de decembro ao 7 de xaneiro

Horario: luns a domingos de 11:00 a 14:30 h e de 17:00 a 22:00 h

24 e 31 de decembro de 11:00 a 18:00 h

25 de decembro e 1 de xaneiro de 17:00 a 22:00 h

Postos para comprar orixinais agasallos de Nadal. Onde pasar unha
entretida tarde de compras e merenda propias desta época. Cada tarde
ao redor das 18:00 h realízanse diferentes animacións: contacontos,
xogos populares, maxia, estampación de bolsas, decoración de galletas,
etc.

POBOADO DE NADAL

Xardíns Bispo Cesáreo

Do 15 de decembro ao 9 de xaneiro

Polas tardes. Danza, sesións de contacontos e obradoiros de traballos
manuais

PISTA DE XEO

Terraza de Ponte Vella

Ata o 29 de xaneiro

Do 23 de decembro ao 8 de xaneiro:

De 11:00 a 22:00 h

24 e 31 de xaneiro: de 11:00 a 18:00 h

25 de decembro e 1 de xaneiro: 17:00 a 22:00 h

Do 9 ao 29 de xaneiro:

luns a venres de 17:00 a 21:00 h

sábados, domingos e festivos: de 11:00 a 22:00 h

Mercados e actividades

PONTEVEDRA

POBOADO DE NADAL

Praza da Ferraría.

Do 5 de decembro ao 5 de xaneiro

De 11:30 a 14:30 h e de 17:00 a 21:00 h

25 de decembro e 1 de xaneiro pechado

Ambientación de Nadal e mercado de artesanía e agasallo.

O BOSQUE DOS XOGOS

Alameda e praza de España.

Tirolesa, pista de xeo e tobogán

Do 5 de decembro ao 2 de xaneiro

Do 6 ao 21 de decembro de 17:00 a 22:00 h. Fin de semana e festivos: de

11:00 a 14:00 e de 17:00 a 22:00 h

Do 22 de decembro ao 2 de xaneiro: de 11:00 a 14:00 e de 17:00 a 22:00 h

24 e 31 de decembro: 11:00 a 14:00 e de 17:00 a 20:00 h

Carpa de xogos

Do 22 de decembro ao 4 de xaneiro

Actividades de 0 a 12 anos

De 12:00 a 14:00 h e de 16:30 a 19:30 h

NADAL XOGOS

Recinto Feiral.

Do 22 de decembro ao 7 de xaneiro

De 16:30 a 20:00 h

25 de decembro e 1 de xaneiro pechado

Talleres, contacontos, xogos tradicionais...

VIGO

MERCADO DE NADAL CIÉS-MARKET

Praza Compostela e rúas da contorna.

Laborables: de 17:00 a 22:30 h.

Do 21 de decembro ao 16 de xaneiro: de 17:00 a 23:30 h

Venres, sábados e vésperas de festivos: de 11:00 a 00:30 h

Domingos e festivos: de 11:00 a 00:00 h

24 e 31 de decembro: de 11:00 a 20:00 h e 5 de xaneiro de 11:00 a 22:00 h

Mercado con produtos de Nadal, gastronómicos, de regalo e de artesanía.

Atraccións recreativas.

MERCADO TEMÁTICO DE NADAL NO CALVARIO

Contorna peonil da rúa de Urzáiz no Calvario

Laborables: Apertura ás 17:00 h, peche ás 22:30 h a excepción do 21 de

decembro ao 16 de xaneiro (período vacacións de Nadal) peche ás 23:30 h

Venres, sábados e vésperas de festivo, apertura ás 11:00 h, peche ás 00:30 h

Domingos e Festivos: Apertura ás 11:00 h, peche ás 00:00 h

Días 24 e 31 de decembro, apertura ás 11:00 h, peche ás 20:00 h e 5 de

xaneiro apertura ás 11:00 H, peche ás 22:00 h.

Mercado con produtos de Nadal, gastronómicos, de regalo e de artesanía.

Atraccións recreativas.

E ADEMAIS...

VISITA O PAZO DE LOURIZÁN TAMÉN EN NADAL

Pazo de Lourizán. Estrada Pontevedra-Marín, km 4. Pontevedra

Visitas guiadas ao Pazo de Lourizán

Días 23, 27 e 30 de decembro

Cada visita terá un máximo de 40 participantes, divididos en grupos de 20 persoas.

Visitarase unha parte do xardín, o invernadoiro e unha parte do interior do pazo.

Reservas a través da web www.turismo.gal a partir do 12 de decembro.

ACENDE O CAMIÑO DE SANTIAGO 2024

O noso programa **#CamiñoDeSantiago2024** que iluminará monumentos entre o 21 de decembro e o 8 de xaneiro nun total de 50 monumentos en 45 concellos atravesados polas diferentes rutas do Camiño de Santiago.

CIRCO DO SOL

Multiúsos Fontes do Sar. Santiago de Compostela.

Do 3 ao 7 de xaneiro

O último espectáculo do Circo do Sol, OVO

Co patrocinio da Xunta de Galicia o Circo do Sol presenta OVO. Unha ollada cara a un colorido ecosistema desbordante de vida, onde os insectos traballan, comen, desprázanse, voan, xogan, loitan e buscan o amor nunha continua despregadura de enerxía e movemento.

As entradas están á venda tanto na web da compañía como en plataformas como livenation.es, Ticketmaster e El Corte inglés.

Cidade da Cultura



NADAL NO GAIÁS

Máis información en: <https://www.cidadedacultura.gal/gl/evento/nadal-no-gaias-2023-24>
Do 15 de decembro ao 7 de xaneiro
Monicreques, música, sesións de xogo, experiencias de realidade virtual... e moito máis!

SESIÓNS DE XOGO E EXPERIMENTACIÓN EN FAMILIA

Museo Centro Gaiás | Hall de tirantes (andar 0)
16, 17, 23 e 30 de decembro de 2023: de 11.00 a 12.30 horas
22 de decembro, do 26 ao 29 de decembro, e do 2 ao 4 de xaneiro de 2024: de 16.30 a 18.00 horas
Entrada libre e de balde
Público: familiar, con participación activa tanto da cativada como das persoas adultas.

GALIVERSO DE NADAL

Museo Centro Gaiás | Andar 0.
Do 15 de decembro de 2023 ao 7 de xaneiro de 2024
De martes a domingo, de 11.00 a 14.30 e de 16.00 a 20.00 horas
Acceso de balde con reserva de praza en Ataquilla
A partir de 6 anos
HABITATS. NATUREZA ESTENDIDA
Museo Centro Gaiás | Andar 1.
Do 5 de decembro de 2023 ao 7 de xaneiro de 2024
De martes a domingo, 10.30 a 14.30 e de 16.00 a 20.00 horas
Entradas: 3€, á venda en Ataquilla.com (con descontos habituais)
A partir de 9 anos

YGGDRASIL

Museo Centro Gaiás | Hall de tirantes (andar 0)
Do 15 de decembro 2023 ao 7 de xaneiro 2024 | De 10 a 20h*
Entrada libre e de balde
*24 e 31 Dec, aberto de 10 a 14h. | 25 Dec e 1 Xan pechado

Artesanía



VIII MERCADO DE NADAL "A TRASTENDA DE NICOMEDES"

Sala Multiúsos do Concello de Viveiro, Praza Maior. Viveiro.
Do 20 de decembro ao 4 de xaneiro.

MERCADO DE NADAL EN TUI

Paseo da Corredoira. Tui
Do 1 de decembro ao 5 de xaneiro

12º MERCADO DA ESTRELA

Santiago de Compostela
Feira Creativa de Agasallos en San Martiño Pinario e no Centro Obra Social Abanca na Praza de Cervantes.

15, 16 e 17 de decembro
Feira de Agasallos de Nadal, xogos xigantes, obradoiros creativos, gardería-ludoteca, fotomatón e visitas guiadas ao mosteiro de San Martiño Pinario
Entrada de balde
Feira Creativa de Agasallos de Nadal. Venres 15: 17h. a 21h. Sábado 16 e domingo 17: 11h a 21h
Feira Creativa no Mosteiro de San Martiño Pinario (Claustro Procesional e Hospedaría de San Martiño Pinario)
Zona de Artesanía de Galicia da Feira Creativa no salón principal do 2º andar do edificio Obra Social Abanca na praza de Cervantes

Espazo musical na Pista cuberta do CX Don Bosco. Venres 15, sábado 16 e domingo 17 de decembro: a partir das 18h
Zona Foodtruck na praza 8 de Marzo. Venres 15: 14h. a 00h, Sábado 16: 12 a 00h, Domingo 17: 12h a 22h
Máis info: <https://es-es.facebook.com/mercadodaestrela/>